



ORDENANZA 3.25
TAXA POLAS OCUPACIÓNS DO SUBSOLO, SOLO E SAÍNTES SOBRE
A VÍA PÚBLICA

Artigo 1º. Fundamento e natureza

De conformidade co previsto no art.20.A) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa polas utilizacións privativas e aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou volo da vía pública, á que se refiren os arts 20.3.e) e 20.3.k) do TRLFL, que se rexerá pola presente Ordenanza e cuías normas atenden o previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Legislativo e na Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública do Concello de Santiago de Compostela.

Artigo 2º. Feito impoñible

Constitue o feito impoñible a utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no suelo, subsuelo ou volo das vías públicas municipais.

Artigo 3º. Suxeito pasivo

1. Son suxeitos pasivos as personas físicas e xurídicas , así como as entidades a que se refire o art. 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a favor das que se outorguen as licencias de ocupación ou que se beneficien do aproveitamento, si é que se procede sen a autorización correspondente.
2. Tamén terán a consideración de suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas titulares das Empresas explotadoras de servicios de suministros que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario e utilicen privativamente ou aproveiten especialmente o solo, subsolo ou volo da vía pública municipal, con independencia do seu carácter público ou privado. Entre outras, consideraranse como tales:
 - a. As Empresas suministradoras de enerxía eléctrica, auga ou gas.
 - b. As Empresas dos servicios de telecomunicacións por cable, con independencia de quen sexa o titular da rede. Consonte ó art. 1.2. da Lei 42/1995, de 22 de decembro, das Telecomunicacións por Cable, enténdese por servicio de Telecomunicacións por Cable o conxunto de servicios de Telecomunicación consistente no suministro, ou no intercambio, de información en forma de imaxes, sons, textos, gráficos ou combinacións deles, que se prestan ó público no seu domicilio ou dependencias de forma integrada mediante redes de cable.
 - c. Calesquera outras Empresas de servicios de suministros que utilicen para a prestación dos mesmos tuberías, cables e demais intalacións que ocupen o solo, volo ou subsolo municipais.
 - d. Inclúirase entre as empresas explotadoras de servicios de suministros as empresas distribuidoras e comercializadoras dos mesmos

Artigo 4º. Cota tributaria.

1. A cota tributaria resultará de aplicar ó número de metros cuadrados de dominio público local ocupados o 0.50% do valor en euros do metro cuadrado de aproveitamento urbanístico fixado no Anexo, polo número de días que é obxecto de reserva.
2. As ruas que non teñan fixado o valor do metro de aproveitamento urbanístico, terán un valor, a efectos da determinación da debida tributaria, de 354,100555 €
3. Asemesmo, sobre as devanditas cotas aplicaranse os índices de situación aplicables no cálculo da débeda tributaria no IAE, segundo a categoría da rúa que sexa obxecto de ocupación
4. O valor do metro de aproveitamento urbanístico actualizaráse cada ano segundo o índice que se sinala na Lei de orzamento estatal para a actualización de valores catastrais.
5. No caso de empresas explotadoras do servizo de suministros a cota consistirá, en todo caso e sen excepción algunha, no 1.5% dos ingresos brutos provintes da facturación que obteñan anualmente no termo municipal de Santiago

Terán a consideración de ingresos brutos procedentes da facturación obtida anualmente no territorio municipal polas referidas Empresas, os obtidos en dito período polas mesmas como consecuencia dos suministros realizados ós usuarios, incluíndo os procedentes do aluguer e conservación de equipos ou instalacións propiedade das Empresas ou dos usuarios, utilizados na prestación dos referidos servizos.

Asimismo, deberán ser incluídos na facturación o importe de tódolos suministros efectuados ós usuarios no termo municipal de Santiago aínda cando as instalacións establecidas para realizar un suministro concreto estén ubicadas fora de dito termo ou non transcurran en todo ou en parte por vía pública.

Non terán a consideración de ingresos brutos procedentes da facturación, os seguintes conceptos:

- a) Os impostos indirectos que os graven.
- b) As subvencións de explotación ou de capital, tanto públicas como privadas, que as Empresas suministradoras podan recibir.
- c) As cantidades que podan recibir por donación, herencia ou por calquer outro título lucrativo.
- d) As indemnizacións esixidas a terceiros por danos e perxuizos.
- e) Os produtos financeiros, tales como dividendos, intereses e calesquera outros de análoga natureza.
- f) As cantidades procedentes da enaxenación de bens e dereitos que formen parte do seu patrimonio.
- g) En xeral todo ingreso que non proceda da facturación realizada en cada termo municipal por servizos que constitúan a actividade propia das Empresas de servizos de suministros.

Os ingresos á que se refire ó presente artigo se minorarán exclusivamente en:

- a) As partidas incobrables determinadas dacordo co disposto na normativa reguladora do Imposto sobre Sociedades.
- b) As partidas correspondentes a importes indebidamente facturados por erro e que foran obxecto de anulación ou rectificación.

En todo caso, esta taxa é compatible con outras que poidan establecerse pola prestación de servizos ou a realización de actividades da competencia local, das que as mencionadas empresas deban ser suxeitos pasivos dacordo co disposto no art. 23 do TRLFL.

Artigo 5º. Normas de xestión

1. Os suxeitos pasivos estarán obrigados a presenta-la correspondente solicitude no Concello e a realiza-lo ingreso da autoliquidación da taxa resultante na Caixa de Recadación ou nas entidades bancarias debidamente autorizadas o que deberá acreditarse no intre de presenta-la solicitude.
As Empresas explotadoras dos servizos de suministros obrigadas ó pago da taxa deberán presentar nas oficinas dos Servizos Económicos do Concello, nos primeiros quince días de cada mes, declaración comprensiva dos ingresos brutos obtidos no mes anterior. Dita declaración deberá acompañarse dos documentos acreditativos da facturación efectuada no termo municipal de Santiago, así como a que en cada caso solicite a Administración Tributaria Local. Neste caso, a taxa esixirase mediante liquidación provisional practicada pola Administración Tributaria Local.
2. As normas de xestión a que se refire este capítulo tendrán carácter supletorio cando existan convenios ou acordos entre o Concello de Santiago e as Empresas Explotadoras de Servizos de Suministros.

Artigo 6º. Infraccións e sancións

Para todo o relativo á calificación de infraccións tributarias e imposición das sancións correspondentes, estarase ó disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día oito de novembro de dous mil catro. Se non se presentan reclamacións enténdese aprobada definitivamente. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil cinco, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación

